

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE INSCRICIÓN DAS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS PARA CRIANZAS PARA TEMPADA 2025/2026.

1. OBXECTO DE APLICACIÓN.

Convocatoria pública pola que se ofertan prazas para as actividades deportivas das Escolas Deportivas Municipais (EEDD) para crianzas para a tempada 2025-2026.

As publicacións relativas a esta convocatoria faranse públicas na páxina web municipal. Poderase obter máis información no teléfono de información 982124002.

2. PERSOAS DESTINATARIAS.

Solicitaranse as actividades en función da idade da persoa que desexa participar. Para estes efectos, considerarase a idade referida en cada actividade na data do 31 de decembro do 2025.

3. CALENDARIO.

As actividades deportivas darán comezo o 01 de outubro do 2025 e rematarán o 30 de maio do 2026, agás actividades temporais como Skate e Surf que por cuestións técnicas da propia práctica rematarán antes de dita data ou a 30 de xuño do 2026.

Non se impartirán actividades cando os días de actividade das escolas deportivas coincida en días non laborais por mor das festividadeas declaradas a nivel nacional, autonómica ou local, non sendo recuperables noutros días. Nin tampouco en períodos de vacacións escolares: Nadal (dende o 22 de decembro ata o 7 de xaneiro, ambos inclusive), Entroido (os días 16,17 e 18 de febreiro) e Semana Santa (dende o 30 marzo ata o día 06 de abril, ambos inclusive).

4. ACTIVIDADES DEPORTIVAS OFERTADAS.

Nesta tempada ofértanse as actividades de **Skate, Karate, Surf, Atletismo, Fútbol Sala e Patinaxe** nas instalación do Pavillón Polideportivo de San Cosme (PV), Pavillón do CEIP de San Miguel de Reinante (CEIP), campo de fútbol de O Cascabeiro (CF) e na praia de Coto (P.Coto).

Na táboa 1 preséntase os 8 grupos ofertados, o horario dos mesmos e as prazas máximas e as mínimas esixidas por mes para que unha actividade poda ser ofertada.

Táboa 1. Descricións das condicións das actividades ofertada na tempada 2025/2026.

ACTIVIDADE	GRUPO	IDADE	LOCAL	DÍAS E HORA	DURACIÓN	Máx. prazas	Mín. Prazas
ATLETISMO	A	4 a 16	PV e CF	Luns e mércores, 17:00 a 18:00 Martes e xoves, <i>(Provisional)</i>	Outubro a Maio	Sen límite	5
PATINAXE	A (Nivel II)	8 a 16	CEIP	Martes, 16:00 a 17:00	Outubro a Maio	Sen límite	5
	B (Nivel I)	4 a 7	CEIP	Martes, 17:00 a 18:00	Outubro a Maio	Sen límite	5
FUTBOL SALA	A	6 a 9	PV	Martes e Xoves, 17:30 a 18:30	Outubro a Maio	Sen límite	5
KARATE	A	6 a 16	CEIP	Mércores, 16:00 a 17:00	Outubro a Maio	Sen límite	5
SKATE	A	5 a 12	CEIP	Xoves, 16:00 a 17:00	Outubro a Marzo	12	5
SURF	A	8 a 16	P. Coto	Mércores de 17:00 a 18:30	Abril a Xuño	15	8
	B	8 a 16	P. Coto	Xoves de 17:00 a 18:30	Abril a Xuño	15	8

(1) **Atletismo:** Os martes e xoves os adestramentos serán na pista de atletismo de Cervo atendendo á

categoría das crianzas inscritas. O seu horario determinarase nos primeiros adestramentos.

- (2) **Patinaxe escolar:** Requírense patíns de eixo (non en liña) e recoméndanse proteccións. Ao final da tempada farase unha exhibición final. A monitora poderase propor un cambio de nivel se fose o caso.
- (3) **Fútbol Sala:** o Concello poderá valorar a inscrición dos equipos en competicións escolares, acordos á categoría e sempre trala consulta ás familias ao principio da tempada e o compromiso por parte das mesmas.
- (4) **Karate:** requírense pantalón largo, roupa cómoda e toalla.
- (5) **Skateboarding:** non é preciso traer material, inclúe os Skate, Surfskates, Longskates e proteccións individuais. Contido do curso baseado en exercicios propios da práctica como os slalom, xiros básicos, transicións, curvas...; e montaxe, reparación e mantemento dos elementos do Skateboarding. Skate trátase dunha práctica deportiva que ofrece unha transferencia de aprendizaxe positiva á práctica do surf polo que a súa oferta precede no tempo ao inicio das clases de Surf.
- (6) **Surf:** Requírense bañador e toalla.

De rexistrarse máis demanda da ofertada nalgunha das actividades, o Concello podería valorar o desdobre dalgún grupo sempre que cumpra os mínimos esixidos.

5. PROCEDIMENTO DE INSCRICIÓN.

O prazo de inscrición estará aberto dende o día seguinte á publicación destas bases **ata o 25 de setembro do 2025**. Despois desta data quedarán abertas as inscricións a partir do día 01 de outubro do 2025 sempre que queden prazas dispoñibles nas actividades de preferencia.

Para inscribirse deberase achegar por rexistro de entrada o **formulario de inscrición** debidamente cuberto e asinado (Anexo I), a **solicitude de domiciliación de tributos periódicos** (Anexo II) e o **xustificante de pago da matrícula** e da **primeira mensuralidade** correspondente á inscrición. De ser o caso de tramitalo a través da sede electrónica municipal deberase cubrir a instancia xeral e achegar o formulario e o xustificante de pago para que teña validez.

Cando o número de inscricións sexa superior ao número de prazas ofertadas nunha actividade aplicarase o seguinte baremo para a adjudicación das prazas: empadroadas/os (3 puntos) e matriculadas/os nun dos C.E.I.P. de Barreiros (2 puntos). No caso de empate, valorarase a primeira orde de entrada en rexistro dende a apertura do prazo de inscricións. De ser o caso, antes do comezo da actividade farase público a listaxe de adjudicación de prazas. Ás persoas que non se lles adjudicou praza pasaran a unha lista de agarda acorde á orde establecida despois do baremo e procederase á devolución das taxas correspondentes.

6. PAGO DA TAXA CORRESPONDENTE.

Toda crianza que desexe inscribirse terá que facer un pago único de matrícula no momento de efectuar a inscrición nesta tempada. A matrícula incluírá un agasallo e o custo da excursión de fin de tempada para a persoa inscrita.

As tarifas das taxas son as seguintes:

	TARIFA
MATRÍCULA	15 €
Atletismo	10 €/mes
Patinaxe, Fútbol Sala, Karate	15 €/mes cada actividade
Skate	20 €/mes
Surf 1 día	30€/mes
Surf 2 días	45€/mes

Aplicarase un desconto do 20% nas cuotas mensuais por cada irmá/irmán inscrita/o nas EEDD 25-26.

O primeiro pago da mensuralidade realizarase mediante transferencia bancaria no número de conta municipal ES55 2080 0142 9031 1000 0019 de ABANCA especificando no concepto o nome e apelidos da persoa inscrita, nome da/as actividades inscritas e o mes e ano correspondente. A cantidade que se debe ingresar en concepto de matrícula aplicarase ao importe definitivo da ou das taxas das primeiras inscricións correspondentes.

Os pagos das mensuralidades seguinte ao primeiro serán domiciliados na conta bancaria que se indiquen no formulario de inscrición, e cargaranse por anticipado na primeira semana do mes natural. O impago de dúas mensuralidades consecutivas suporá a baixa automática na actividade correspondente.

Se non se cumpre co mínimo de prazas esixidas, a actividade non será ofertada e, polo tanto, procederase á devolución das taxas correspondentes.

7. FORMALIZACIÓN DE BAIXAS.

No caso de querer cursar baixa nunha actividade, presentarase unha comunicación por escrito mediante rexistro de entrada **antes do día 20 de mes natural anterior** ao mes no que se quere que teña efecto. Polo tanto, a baixa terá efecto no mes natural seguinte á comunicación o que suporá a suspensión dos cargos bancarios no mes natural seguinte á data de comunicación.

8. PRÉSTAMO DA EQUIPACIÓN.

A equipación deportiva das EEDD (chándal completo, roupa de competición e mochila) será prestada a cada persoa inscrita ao comezo das actividades e será devolta ao finalizar a tempada, debendo as familias comprometerse co coidado dela durante a tempada.

9. COORDINACIÓN.

A organización e coordinación da Escolas Deportivas é exclusiva do Concello polo que calquera comunicación ou consulta ao respecto atenderase nas oficinas municipais ou no número de deportes **680 913 904**, de luns a venres en horario de atención ao público.

A través de dito número de teléfono trasladarase ás familias das persoas inscritas que así o autoricen na solicitude, avisos xenéricos, avisos das/dos adestradores ou do propio funcionamento das actividades. Enviaranse as mensaxes ao número de contacto da/o representante que figure na solicitude de inscrición. Aquelas familias que desexen incluír outro deberán comunicalo por escrito.

Estas mensaxe enviaranse a través das listas de difusión de Whatsapp para preservar a protección de datos pero é preciso para recibilas ter gardado previamente na agenda de contactos o número de deportes, se non ser o caso a mensaxe non chega ao destino.